

# CONCRECIÓN CURRICULAR

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019244	IES A Sangriña	A Guarda	2022/2023

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	5
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	5
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	5
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	6
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	6
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	8
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	8
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	8
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	8
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	9
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	9
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	9
o) Outros apartados	10

## **a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro**

En concordancia cos obxectivos dispostos no DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, o IES A Sangriña considera prioritario que ao seu alumnado acade os seguintes obxectivos xerais en ESO, obxectivos que serían os mesmos que para o alumnado da ESA ao abeiro da Orde do 20 de marzo de 2018 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas :

1. Obxectivos de carácter cívico e social: o alumnado coñecerá os seus dereitos, a tolerancia e a solidariedade serán a base do seu comportamento como membros de sociedades democráticas entendidas estas como supremo valor de convivencia. Ademais se potenciarán actitudes de respecto polas minorías e por calquera opción persoal sexual e afectiva e se promoverán actitudes que asenten a máis absoluta das igualdades entre homes e mulleres. A resolución pacífica dos conflitos a través da negociación será a base da convivencia no centro. Desbotar comportamentos e ideoloxías racistas e ou xenófobas. Entender a defensa innegociable do medioambiente como elemento esencial do noso comportamento como membros de sociedades do mundo actual.

2. Obxectivos de carácter académico e funcional: promoveranse actitudes de autonomía persoal, de utilización crítica das fontes de información e da reflexión sobre a ética no uso das TIC, o coñecemento científico consensuado, refutable e sometido a continuo contraste e aceptación colexiada será o elemento que vertebre a formación do coñecemento

3. Obxectivos de carácter comunicacional: o alumnado será quen de utilizar correctamente as catro competencias lingüísticas que garanten a perfecta comunicación utilizando a lingua galega e castelá. Promoverase acadar o uso apropiado dunha o máis linguas estranxeiras en diferentes situacións comunicacionais

4. Outros obxectivos: promover actitudes de emprendemento, de respecto polo patrimonio material e inmaterial dos pobos e das sociedades, fomentar hábitos de vida saudables, apreciar e promover o gusto polo disfrute das distintas manifestacións culturais

En concordancia co DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, o noso alumnado de Bacharelato terá que acadar:

1. Obxectivos de carácter individual: acadar a madureza afectivo-sexual dende o respecto a calquera opción persoal ou colectiva, considerar a tolerancia e o diálogo como base da convivencia no plano persoal e no plano social. Consolidar de xeito efectivo e eficiente valores de tolerancia e de igualdade radical de homes e mulleres asumindo o feminismo como ferramenta conceptual crítica da sociedade actual que debe utilizarse indistintamente por homes e mulleres. Aspirar a maoires cuptas de igualdade social. Desbotar comportamentos e ideoloxías racistas e ou xenófobas. Entender a defensa innegociable do medioambiente como elemento esencial do noso comportamento como membros de sociedades do mundo actual. Afianzar obxectivos de lectura, de búsqueda crítica de información

2. Obxectivos de carácter cívico: entender o concepto de cidadanía responsable e crítica que entenda que a democracia é a base insoslayable de calquera sociedade, que os dereitos humanos son dereitos inalienables dos individuos que ningunha forma de goberno ou organización político-social pode conculcar.

3. Obxectivos de carácter comunicacional: o alumnado será quen de utilizar correctamente as catro competencias lingüísticas que garanten a perfecta comunicación utilizando a lingua galega e castelá. Promoverase acadar o uso competente, con fluidez e corrección, dunha o máis linguas estranxeiras en diferentes situacións comunicacionais. Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación

4. Outros obxectivos: acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, valorar o coñecemento científico en ciencias naturais e sociais como base do coñecemento. Entender e dominar as bases do coñecemento técnico e tecnolóxico. Afianzar o espírito emprendedor. Promover estilos de vida saudable baseados nunha correcto e sólido coñecemento do corpo e da educación física. Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita

contra o cambio climático. Respetar o patrimonio material e inmaterial dos pobos e das sociedades

Respecto aos obxectivos das ensinanzas de Formación Profesional e en relación ao disposto no Decreto 114/2010, do 1 de xullo que establece a ordenación xeral da formación profesional do Sistema educativo de Galicia, e ao abeiro do Decreto 107/2014 do 4 setembro para a Formación Profesional Básica, os obxectivos que perseguimos como centro se organizan:

- a) Competencias profesionais. Acadar competencias xerais propias dos módulos tratados. Coñecer as principais características sector productivo do módulo escollido. Coñecer a lexislación laboral básica. Afianzar o espírito emprendedor.
- b) Competencias individuais: aprender a traballar en equipo e acadar estratexias de resolucións de conflitos. Elaborar estratexias persoais de actualización profesional continua das competencias profesionais acadadas.
- c) Competencias de seguridade no traballo. Formamos alumnado con coñecemento da normativa de seguridade e saúde no traballo.

## **b) A contribución á adquisición das competencias clave**

As competencias clave e perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico e de bacharelato son as seguintes:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

Traballar por competencias traballar as habilidades. Calquera acción competente necesita utilizar coñecementos, que estean interrelacionados con habilidades e actitudes para ser aplicados en situacións e problemas reais.

O formato das materias non é contrario á aprendizaxe por competencias, pero si implica un enfoque diferente, que se centra na destreza adquirida e non no contido. Ademais, a creación dunha área metadisciplinar permite abordar o ensino daquelas competencias que non contan co apoio dunha disciplina científica.

Os contidos deben considerarse dende a súa funcionalidade, é necesario que teñan sentido para o alumno/a, que

poida comprender a súa utilidade. Así, os contidos traballados deben ser aplicados a feitos reais ou cotiáns próximos á realidade do alumnado.

As metodoloxías para traballar as competencias poden ser moi variadas, pero todas teñen en común a transversalidade dos contidos. Algunhas destas metodoloxías son: aprendizaxe baseada en problemas, centros de interese, role-playing e simulacións, investigación no campo, aprendizaxe-servizo...

As actividades deben ir encamiñadas a favorecer a motivación do alumnado, tendo sempre en conta o desenvolvemento das súas competencias actuais e plantexando retos manexables para cada alumno, que esperten o seu interese e ganas de aprender. Ademais, non debemos esquecernos de potenciar a autoestima e o autoconcepto do alumnado no desenvolvemento da aprendizaxe.

Cando se traballa de forma competente na aula, é importante que o alumnado reflexione sobre a súa propia aprendizaxe. Que reconsidere o que fai, que sexa capaz de elaborar os argumentos que o xustifiquen e que saiba explicar os motivos que o levaron a tomar as súas decisións.

Polo tanto, a avaliación por competencias suxire que non só debemos prestar atención á adquisición de contidos teóricos, senón tamén á aprendizaxe e adquisición de valores e habilidades que lle serán útiles para a vida do alumno, como o traballo en equipo ou a resolución de problemas.

### **c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais**

Consideremos seis grandes grupos temáticos de elementos transversais:

Comprensión lectora

Expresión oral e escrita

Comunicación audiovisual

Tecnoloxía da información e da comunicación

Emprendemento

Educación cívica e constitucional (Igualdade, Convivencia, Educación para a Saúde, Educación Medioambiental,

Os temas transversais deberán de reflectirse nas distintas programacións didácticas dos departamentos xa que son de obrigado desenvolvemento en todas as materias e en todos os niveis. A forma de traballar os elementos transversais en Secundaria, Bacharelato e Formación Profesional dependerá das decisións tomadas no seo de cada Departamento Didático co que se sentarán as bases de traballo e desenvolvemento dos núcleos temáticos ou de traballo que se podan derivar dos núcleos temáticos transversais. Será cada profesor/a na súa aula que concrete en última instancia eses núcleos temáticos transversais que terán que, en todo caso e como arriba se indicaba, estar reflectidos nas súas respectivas programacións.

### **d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

O dirección metodolóxica xeral do IES A Sangriña será a de favorecer unha metodoloxía de aprendizaxe onde se desenvolvan plenamente as capacidades do alumnado. Neste sentido se favorecerá a aprendizaxe por descubrimento, a aprendizaxe baseada en proxectos (ABP), a aprendizaxe cooperativa, o adecuado uso da gamificación, a aprendizaxe baseada no pensante (TBL)... todas elas metodoloxías efectivas que deberían de informar á práctica docente da escola contemporánea.

### **e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

Os materias e recursos didácticos (programables e reflectidos polo tanto nas distintas programacións didácticas dos departamentos do centro) deberán de estar ao servizo e ser ferramenta das liñas metodolóxicas xerais que o IES A Sangriña pretende promover e asentar nos seus niveis educativos, e que son:

1. A aprendizaxe por descubrimento

2. A aprendizaxe baseada en proxectos (ABP),

3. A aprendizaxe cooperativa

4. O uso da gamificación como metodoloxía de aprendizaxe,

5. A aprendizaxe baseada no pensante ( thinking-based learning,TBL)

## **f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso**

A oferta educativa do centro, o deseño de itinerarios e a optatividade veñen determinadas pola normativa que regula curricularmente os distintos niveis educativos do centro. Dita normativa é a seguinte:

1. DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
3. O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, que establece a ordenación xeral da formación profesional do Sistema educativo de Galicia. Regula, entre outros aspectos, a organización dos ciclos formativos, o desenvolvemento dos currículos, a oferta, a admisión, a matrícula e a avaliación e as validacións e exencións dos módulos profesionais, así como a obtención dos títulos de formación profesional.
4. O Decreto 107/2014, do 4 de setembro que regula aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do Sistema educativo en Galicia
5. A Orden del 20 de marzo de 2018 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidad Autónoma de Galicia.

## **g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias**

Xustifícase a importancia das actividades complementarias e extraescolares partindo da premisa que considera unha educación de calidade aquela que responde ás novas demandas sociais de forma eficaz e proporciona non só un aumento da súa calidade de vida, senón tamén igualdade, xustiza e oportunidades para todos e todas. Neste contexto é no que se recoñece a contribución das actividades complementarias e extraescolares para acadar unha formación plena do alumnado.

Por outra banda, este tipo de actividades permite unha maior participación da comunidade educativa na xestión, organización e realización das actividades, desenvolvendo valores relacionados coa socialización, a participación e a cooperación.

Hoxe en día é fundamental mellorar as relacións entre o alumnado e axudarlles a adquirir habilidades sociais e comunicativas. Para acadar este obxectivo as actividades extraescolares e complementarias son unha forma diferente da clase formal para conseguilo e promocionalo.

Cada vez é máis necesario promover un tipo de actividade que favoreza a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade así como actividades culturais e deportivas para que o noso alumnado amplíe o seu horizonte cultural, sobre todo nun centro coma o noso que está situado nunha zona rural onde a oferta de actividades culturais alleas ao centro son moi limitadas.

Por todos estes motivos, estas actividades deben ter o seu lugar na vida do noso centro, e deben estar integradas no conxunto das actividades educativas, facilitando a participación dos distintos sectores da comunidade educativa na selección, organización, desenvolvemento e avaliación das mesmas.

### **CRITERIOS XERAIS.**

Establécense como criterios xerais para o deseño e implantación das actividades extraescolares e complementarias os seguintes:

- a) Que os obxectivos da actividade estean integrados no proxecto curricular de etapa.
- b) Que estean programadas ao comezo do curso e aprobadas polo Consello Escolar.

c) Haberá diversos tipos de agrupacións, en función das características da actividade, establecendo as actividades xerais do centro, por nivel, ámbito ou ciclo.

d) Tratándose de actividades que favorezan o desenvolvemento das competencias básicas, procurarase que en todas as actividades programadas participe o maior número posible de alumnos e alumnas.

#### OBXECTIVOS.

As actividades complementarias e extraescolares buscan acadar o desenvolvemento das competencias pero nun ambiente diferente ao da aula.

Coa programación de actividades complementarias e extraescolares, preténdese acadar os seguintes obxectivos:

1. Promover a participación activa do alumnado nas actividades (organización e desenvolvemento) que supoñan unha maior autonomía e responsabilidade na organización do seu tempo libre e de lecer.
2. Facilitar aquelas actividades que completen o desenvolvemento integral e que desenvolvan a autoestima do alumnado.
3. Desenvolver a capacidade de participación nas actividades relacionadas co entorno natural, social e cultural que sexan levadas a cabo por organismos distintos do centro.
4. Estimular o desexo de investigar e aprender.
5. Potenciar a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade do alumnado.
6. Promover no alumnado un sentimento positivo de pertenza ao centro e ao grupo.
7. Mellorar as relacións entre entre o alumnado fóra do ámbito académico e axudarlles a adquirir habilidades sociais e de comunicación.
8. Posibilitar o acceso ás actividades culturais e deportivas a todo o alumnado ampliando o su horizonte cultural.
9. Reforzar os obxectivos académicos a través da participación do alumnado ao poñerse en contacto co medio natural e sociocultural.
10. Despertar o sentido da responsabilidade nas actividades nas que se integren.
11. Favorecer e practicar a dimensión lúdica do ensino, procurando evitar na medida do posible, a imaxe fría e ríxida que presentan, xeralmente, ls centros educativos.
12. Exercer un efecto compensador das desigualdades sociais que provocan que moitos rapaces e rapazas non teñan a posibilidade de disfrutar correctamente do su tempo libre por falta de medios económicos, problemas familiares e carencias no su entorno inmediato.

Outro obxectivo importante desta Dirección foi sempre a colaboración con outras entidades e organismos. A modo de resumo cítanse algún deles:

- Colaboración coa Asociación Érguete Baixo Miño, organizando obradoiros dirixidos a traballar co alumnado a prevención no consumo de drogas e outras substancias.

- Colaboración estreita do centro cos Servizos Sociais do Concello (e de concellos limítrofes) na detección e tratamento de situación especiais e/ou desfavorecidas, para resolver e tratar conxuntamente problemas que puidieran derivarse deste tipo de situación e que afectaran ao noso alumnado e ás súas familias.
- Colaboración con OMIX e CIM do Concello.
- Colaboración con asociacións culturais e deportivas do Concello para a organización de actividades diversas.
- Colaboración cos corpos e forzas de seguridade do estado, mediante o Plan Director para a Convivencia e Mellora da Seguridade Escolar e a súa contorna.

#### **h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso**

O seguimento das materias pendentes terá tres avaliacións parciais durante o curso. A Avaliación final será coincidindo coa avaliación final dos cursos da ESO. Entre a 3ª avaliación e a avaliación final cada departamento poderá deseñar actividades/ probas para a recuperación de aqueles alumnos/as que non teñan superada a materia pendente na terceira avaliación.

O IES A Sangriña establecerá os criterios da emisión do informe de avaliación individualizado base para as actividades de recuperación para alumnado con materias/ámbitos sen superar en ESO, atendendo ao disposto no punto 6 do artigo 8 da Orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia serán publicadas na web do centro para consulta de calquera membro da comunidade escolar

#### **i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo do alumnado excepcionalmente repetidor seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se

imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Todo isto en virtude do disposto en ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

#### **j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

O centro seguirá o instruído na Orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia no seu artigo 8, artigo 10, artigo 14 e artigo 15.

#### **k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

CRITERIO IES A SANGRIÑA PARA A CONCESIÓN MATRÍCULAS DE HONRA ALUMNADO DE SEGUNDO DE BACHARELATO Alumnos e alumnas que obtiveran no segundo curso unha nota media igual o superior a nove (9). Dita mención concederase a un número de alumnos/as non superior ao 5% do total de alumnado matriculado dese curso.

No caso de empate:

1. Maior nota media do conxunto de Bacharelato (Primeiro e Segundo)
2. Maior nota media das materias troncais de Segundo de Bacharelato
3. Maior nota media resultante das sumas de resultados das materias troncais de Segundo de Bacharelato máis da materia optativa na cal o alumno/a obtivera maior puntuación.



#### CRITERIO IES A SANGRIÑA PARA A CONCESIÓN MATRÍCULAS DE HONRA ALUMNADO DE CUARTO DA ESO

Alumnado que despois da avaliación final de cuarto curso obtivera unha nota media da etapa igual ou superior a nove (9). Esta disposición concederáse a un número non superior ao 5% do alumnado matriculado no centro no cuarto curso.

No caso de empate:

1. Maior nota media nas materias comúns de cuarto da ESO.
2. Maior nota media nas materias de opción de cuarto da ESO.

### **l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas**

Como norma básica de difusión o IES A Sangriña comprométese á publicación na súa páxina web oficial <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesasangrina/> dos criterios de avaliación e medidas de atención á diversidade programados en cada unha das materias dos distintos departamentos do centro. As Xefaturas dos departamentos entregarán á Xefatura de Estudos un documento pdf onde se recollan os devanditos items das súas respectivas programacións departamentais extraídos estes do programado na plataforma PROENS. O IES A Sangriña dará difusión a toda a comunidade escolar dos citados procedementos na súa web establecendo para tal comunicación a data límite da última semana de cada mes de novembro.

### **m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

O IES A Sangriña, consciente da realidade socioeconómica da comarca na que se inserta e dada a situación xeográfica ultraperiférica da mesma potenciará a través do Grupo de Actividades Internacionais (grupo de profesorado voluntario baixo a dirección da Vicedirección do centro e da Coordinación de FCT) o desenvolvemento de actividades internacionais e participación en programas internacionais que se basarán en dous piares fundamentais:

1. Os intercambios con centros de ensino secundario europeos.
2. A participación nos programas auspiciados polo SEPIE (Servizo Español de Internacionalización do Ensino) o cal recoñeceu a traxectoria do noso centro no marco dos programas europeos concedéndonos a Carta Erasmus+. Nesta liña é prioritario sinalar a participación do IES A Sangriña nos proxectos KA1 que implican períodos de FCT no estranxeiro para alumnado de Ciclos.

### **n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

A presente concreción curricular será sometida a tres procesos de avaliación:

1. Inicial. Presentando o presente deseño ao Claustro de Profesorado e ao Consello Escolar do Centro.
2. Sumativa ou procesual. Será no seo das distintas Comisións de Coordinación Pedagóxica (CCP) nas que este deseño sexa sometido periódicamente, cada curso, á súa avaliación resultando, se procede, a elevación de propostas ou enmendas de cambio da mesma.
3. Final. No seo do Claustro e do Consello Escolar ao termo de cada curso onde se revisarán, se as houbera, as propostas elevadas dende a CCP .

O documento resultante despois destes momentos de avaliación, ten que ser un documento dinámico, sostido polos resultados derivados da práctica docente e organizativa do centro.

Os axentes avaliadores da concreción curricular do IES A Sangriña serán:

1. Os membros do Claustro de profesorado que emitirán as súas decisións por maioría.
2. A Comisión de Coordinación Pedagóxica quen a través das distintas Xefaturas de departamento decidan por maioría, logo de avalialos, os contidos e os puntos susceptibles de cambio ou modificación da presente concreción.
3. O Consello Escolar a través da decisión emitida por maioría dos distintos representantes da comunidade escolar do IES A Sangriña.

4. O Equipo Directivo e, entre este, con especial cualificación a opinión de Dirección e Xefatura de Estudos que realizarán, no proceso avaliador e no procedo de modificación, a labor de emisores de propostas acordes estas cos criterios pedagóxicos e/ou organizativos que a liña do Proxecto de Dirección poda inspirar ao respecto.

Calquera dos devanditos axentes (órganos colexiados e individuais de goberno) poderán facer propostas de cambio e emitir formalmente o texto das mesmas. Para a definitiva modificación da presente concreción o órgano colexiado competente será o Consello Escolar do IES A Sangriña quen, en sesión plenaria, discutirá as propostas de enmendadas presentadas que serán aprobadas por maioría simple. Isto sen menoscabo de que determinadas propostas, por mor da súa natureza, podan ser tratadas previamente nas distintas Comisións especializadas existentes no Consello Escolar do IES A Sangriña.

## **o) Outros apartados**

### **1. PLAN DIXITAL**

PLAN DIXITAL. O centro ten validado o seu Plan Dixital desde o curso 21-22

### **2. PLAN DE MELLORFA**

PLAN DE MELLORA. O centro ten validado o seu Plan de Mellora desde o curso 22-23